

## **Decreto 156/1989, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento de concesión de emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.**

O artigo 34.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que, no marco das normas básicas do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na Lei que regula o Estatuto Jurídico da Radio e a Televisión.

A Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, establece un marco jurídico que recolle determinados aspectos ós que se axustará a prestación, entre outros, do servizo de radiodifusión.

Unha vez aprobado o Plan Técnico Nacional polo Real Decreto 169/1989, do 10 de febreiro, e determinadas as condicións técnicas e de localización que deben reunir as emisoras en todo o territorio do Estado, corresponde á Xunta de Galicia convocar e resolver a concesión das asignadas polo citado Plan a esta Comunidade Autónoma.

Por todos iso, a proposta do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete de xullo de mil novecentos e noventa e nove,

DISPÕO:

### **Artigo 1.º-Obxecto e ámbito de aplicación.**

Este Decreto regulará, no ámbito territorial de Galicia o exercicio, mediante concesión, do servizo público de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, tanto no que se refire ó proceso de adjudicación das concesións como no que respecta ás obrigas que estas imponen ó concesionario.

### **Artigo 2.º-Das concesións.**

*1.-Os servizos de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia poderán ser explotadas, en concurrencia, por calquera das seguintes modalidades:*

- a) Directamente pola Administración autonómica e os seus entes públicos con competencias na materia e mediante concesións ás corporacións locais.*
- b) Por xestión indirecta mediante concesión administrativa, a través de persoas físicas ou jurídicas.*

*2.-As concesións para a instalación e funcionamento das emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia serán outorgadas polo Consello da Xunta, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública.*

*3.-As concesións que se outorguen para a súa explotación por xestión directa por parte das corporacións locais realizaranse de acordo co disposto neste decreto e demais legislación específica estatal e autonómica.*

*(1)*

### **Artigo 3.º-Emisoras comerciais e emisoras educativas e culturais.**

1.-Considéranse emisoras comerciais as que teñen como finalidade a difusión de calquera tipo de programas con emisión de publicidade ou empreñando fórmulas de patrocinio comercial. As devanditas emisoras poderán ser outorgadas a persoas físicas ou jurídicas que cumpran os requisitos establecidos neste Decreto.

2.-Considéranse emisoras educativas e culturais as que se outorguen por concesión a persoas jurídicas sen ánimo de lucro. As devanditas emisoras non poderán difundir publicidade, agás a institucional, podendo sen embargo admitir patrocinios para determinados programas por parte de entidades da localidade.

### **Artigo 4.º-Requisitos para a concesión.**

Para acceder á titularidade dunha concesión do servizo público de radio-difusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española e non estar comprendido nalguna das circunstancias enumeradas no artigo 9 da Lei de Contratos do Estado.
- b) Se se trata de persoas jurídicas que teñan a forma de sociedade anónima, as súas accións serán nominativas. A participación extranxeira no seu capital non poderá superar directa ou indirectamente o 25% do mesmo. Se a cualidade de socio a ostenta unha sociedade por accións será necesario que tódalas súas accións sexan nominativas e esta condición aplicarase ás sociedades que pudieran ser titulares destas últimas accións, e así sucesivamente.

Estes mesmos requisitos aplicaranse ás participacións ou títulos equivalentes no capital social de toda clase de persoas jurídicas.

- c) Se se trata de entidades sen ánimo de lucro, os titulares dos seus órganos directivos e tutelares deberán ostentala nacionalidade española e estar domiciliados en España.
- d) Ningunha persoa física ou jurídica poderá ser titular de máis de dúas concesións para a explotación de servizos de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia que coincidan sustancialmente no seu ámbito de cobertura.

*(1) Modificado polo Decreto 35/1992, do 6 de febreiro.*

O outorgamento de máis dunha concesión a unha mesma persoa física ou jurídica para a explotación dos servizos de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia que coincidan sustancialmente no seu ámbito de cobertura só poderán realizarse se polo número das xa outorgadas queda suficientemente asegurada a pluralidade na oferta radiofónica.

- e) Unha persoa física ou jurídica non poderá participar maioritariamente en máis dunha sociedade concesionaria, cando exploten servizos de radiodifusión sonora que coincidan sustancialmente no seu ámbito de cobertura.
- f) Calquera modificación na titularidade das accións, participacións ou títulos equivalentes das sociedades concesionarias do servizo público de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, así como as ampliacións de capital, cando a suscripción de accións ou títulos equivalentes non se realice en idéntica proporción entre os propietarios do capital social, será autorizado previamente polo Conselleiro da Presidencia e Administración Pública, á vista do informe emitido pola Dirección Xeral de Medios de Comunicación.
- g) Non poderá ser concesionario todo aquel que, ostentando anteriormente unha concesión, non asegurase a continuidade no servizo, ou sendo sancionado con falta calificada de moi grave, en aplicación do réxime sancionador establecido na Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, lle fose revocada a concesión.
- h) Cando o solicitante sexa unha Corporación Local será suficiente o acordo a que fai mención o artigo sétimo.

#### **Artigo 5.º-Documentación para a solicitude de emisoras comerciais.**

Os solicitantes de emisoras comerciais, para a súa explotación con emisión de publicidade, deberán acompañar a seguinte documentación:

- a) Nome ou razón social da persoa física ou xurídica ou, o caso, da do seu representante legal e o enderezo do solicitante.
- b) Localidade onde se pretende instalar a emisora e posición dos estudos e do centro emisor.
- c) Declaración xurada de non estar incluído nalgunha das circunstancias previstas no artigo 9 da Lei de Contratos do Estado.
- d) Cando o solicitante actúe en nome propio e sexa empresario individual, presentará documento nacional de identidade ou fotocopia legalizada perante Notario.

- e) Se concorrese unha sociedade ou compañía mercantil, presentará copia autorizada da escritura pública de constitución da sociedade inscrita no Rexistro Mercantil, ou, no seu defecto, resgardo acreditativo da súa presentación para a súa inscrición no mesmo.

Se concorrese calquera outro tipo de persoa jurídica, presentará copia legalizada da acta de constitución e estatutos polos que se rexe, así como a súa inscrición no Rexistro corresponde.

- f) Os que comparezan en representación de persoa física ou jurídica acreditarán a súa capacidade para tal acto mediante escritura de poder outorgada ó seu favor ou documento análogo.
- g) Documento acreditativo da nacionalidade do solicitante e de cada un dos titulares das accións, participacións ou títulos equivalentes, no caso de sociedades mercantís.
- h) Memoria descritiva da infraestrutura técnica coa que pretende levar a cabo a prestación do servizo, que deberá adecuarse ás actividades radiodifusoras que se pretenden realizar.
- i) Memoria sobre diversos aspectos da futura emisora e que constará, como mínimo, dos seguintes requisitos:

1.º-Relación dos medios económico-financeiros con que conta o solicitante para realiza-lo proxecto e o investimento previsto.

2.º-Presuposto anual do funcionamento da emisora.

3.º-Principios básicos e obxectivos xerais da programación prevista indicando ó mínimo de horas de programación en galego e outros compromisos asumidos para adapta-la programación ás necesidades socio-culturais da zona de influencia da emisora.

4.º-Porcentaxes de emisión de programas informativos e de calquera outro tipo de produción propia.

5.º-Total de horas diarias de emisión previstas.

- k) Declaración expresa, realizada pola persoa ou entidade solicitante, en relación co número de concesións das que é titular e que coincidan sustancialmente no seu ámbito de cobertura co da emisora solicitada, indicando así mesmo a porcentaxe de participación que ostenta noutras sociedades concesionarias de servizos de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, que presenten a circunstancia citada en relación co ámbito de cobertura.
- l) Declaración xurada de presentar nos dous meses seguintes á notificación da adjudicación provisional previa á concesión, o proxecto técnico correspondente,

redactado, tramitado e subscrito de acordo coas normas vixentes, axustado á frecuencia, potencia e emprazamento, provisionalmente asignados.

A non presentación deste proxecto técnico no tempo indicado suporá a automática caducidade da adjudicación provisional e a vacante correspondente pasará a engrosalo número de frecuencias e potencias disponibles para unha nova concesión.

- m) Os solicitantes que fosen concesionarios con anterioridade dalgunha emisora de radiodifusión sonora, deberá acreditar que están ó corrente das obrigas resultantes da concesión anterior.
- n) As persoas jurídicas e entidades en xeral presentarán documento acreditativo do Código de Identificación Fiscal regulado polo Decreto 2423/1975, do 24 de setembro.

#### **Artigo 6.º-Documentación para solicitudes de emisoras educativas e culturais.**

Os solicitantes de emisoras culturais e educativas para a súa explotación acompañarán a seguinte documentación:

- a) Nome ou razón social da persoa jurídica ou, se é o caso, da do seu representante legal e o enderezo do solicitante.
- b) Localidade onde se pretende instala-la emisora e situación dos estudos e do centro emisor.
- c) Compromiso de cumprimento dos fins educativos e culturais atribuídos a estas emisoras.
- d) Presentarse copia legalizada da acta de constitución ou fundación e dos estatutos polo que se rexe, así como a inscrición no Rexistro Oficial correspondente ou, no seu defecto, resgardo acreditativo da súa presentación para inscrición no mesmo.
- e) Os que comparezan en representación da persoa jurídica acreditará a súa capacidade para tal acto mediante escritura de poder outorgada ó seu favor ou documento análogo.
- f) Acreditarase a nacionalidade española dos titulares dos órganos directivos e tutelares da entidade solicitante.
- g) Memoria descritiva da infraestrutura técnica coa que pretende levar a cabo a prestación do servizo, que deberá adecuarse ás actividades radiodifusoras que se pretenden realizar.
- h) Memoria sobre diversos aspectos da futura emisora e que constará, como mínimo, dos seguintes apartados:

1.º-Presuposto anual de funcionamento e de investimentos para a realización das instalacións, acreditando a orixe dos ingresos, así como certificación dos importes das subvencións alleas, claramente especificados e acreditados.

2.º-Principios básicos e obxectivos xerais da programación prevista, indicando o número de horas de programación en galego, que en ningún caso será inferior ó 50% do tempo total de emisión.

3.º- Porcentaxes de emisión de programas informativos e de calquera outro tipo, de produción propia.

4.º- Total de horas diarias de emisión previstas.

- i) Declaración expresa, realizada pola entidade solicitante, en relación co número de concesións das que é titular e que coincidan sustancialmente no seu ámbito de cobertura co da emisora solicitada, indicando así mesmo a porcentaxe de participación que ostenta noutras sociedades concesionarias de servicios de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, que presenten a circunstancia citada en relación co ámbito de cobertura.
- k) Documento que garanta o compromiso de presentar nos dous meses seguintes á notificación da adjudicación provisional previa á concesión do proxecto técnico redactado, tramitado e suscrito de acordo coas normas vixentes, axustado á frecuencia, potencia e emprazamento provisionalmente asignados.

A non presentación deste proxecto técnico no tempo indicado suporá a automática caducidade da adjudicación provisional e a vacante pasará a engrosalo número de frecuencias e potencias disponibles para unha nova concesión.

- l) Os solicitantes que fosen concesionarios con anterioridade dalgunha emisora de radiodifusión sonora, acreditarán que están ó corrente das obrigas resultantes da concesión anterior.
- ll) Calquera outro documento que poida servir ó interesado para creditala súa petición.

### ***Artigo 7.º-Solicitud para emisoras municipais.***

*1.-As solicitudes de concesión do servicio de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia para a súa explotación polas corporacións locais irán acompañadas dunha certificación do acordo da corporación na que figure:*

*-A facultade outorgada ó presidente da corporación para que efectúe a petición da concesión da emisora.*

*-Presuposto anual ordinario ou especial con que sexan atendidos os gastos correntes e de investimentos.*

*-Informe da intervención sobre a capacidade financeira da corporación para cubri-los citados gastos.*

*-Forma de xestión do servizo e proxecto do seu regulamento interno.*

*-Determinación de horas de programación en galego, que non poderá ser inferior o 50% do tempo total de emisión.*

*2.-Así mesmo deberá presentarse:*

*-Unha memoria sobre programas de actividades.*

*-Descrición e características técnicas dos equipos con que funcionará a emisora e posición dos estudos do centro emisor.*

*-Calquera outra documentación que poida servir ó solicitante para acredita-lo seu dereito.*

*(1)*

### **Artigo 8.º-Criterios para a adjudicación de concesións.**

Na concesión de emisoras valorarase preferentemente e coa prioridade que a continuación se establece:

- a) O fomento dos valores e da identidade cultural e social de Galicia e, en especial, o emprego do galego na programación.
- b) A non titularidade dalgunha outra emisora de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.
- c) O horario de emisión, porcentaxe de produción propia e porcentaxe de programas informativos, culturais ou educativos.
- d) A pluralidade e acceso de novas persoas físicas ou jurídicas á oferta de radiodifusión sonora.
- e) A viabilidade económica.
- f) A viabilidade técnica do proxecto e demais características do mesmo.

*(1) Modificado polo Decreto 35/1992, do 6 de febreiro.*

- g) O compromiso de non cede-la, explotación directa nin transferi-la concesión durante un período determinado.
- h) Outros criterios que, á vista da documentación presentada poidan ser considerados especialmente relevantes.

### **Artigo 9.º-Da posta en funcionamento das emisoras.**

1.-Notificada a adxudicación provisional previa a concesión, o interesado presentará no prazo de dous meses o correspondente proxecto técnico, que será remitido pola Dirección Xeral de Medios de Comunicación, previo dictamen, á Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacións para a súa aprobación.

A non presentación deste proxecto técnico no tempo sinalado levará consigo a caducidade da adxudicación provisional e a vacante quedará disponible para unha nova concesión.

A Dirección Xeral de Medios de Comunicación notificará ó interesado a aprobación, denegación ou proposta de modificación do proxecto técnico que se faga pola Administración do Estado.

2.-Unha vez aprobado o proxecto técnico, o adxudicatario provisional disporá de doce meses para realiza-las obras e instalacións correspondentes. Transcurrido ese prazo sen que rematase a instalación, a Dirección Xeral de Medios de Comunicación entenderá que o adxudicatario provisional renuncia á concesión.

3.-No suposto de denegación ou proposta de modificación do proxecto, o adxudicatario presentará un novo dentro dos dous meses seguintes á notificación pero este tempo estará incluído para os efectos do establecido no parágrafo anterior, dentro dos doce meses asignados para a execución das obras e instalacións correspondentes.

4.-Rematada a instalación, a Dirección Xeral de Medios de Comunicación emitirá dictamen previo sobre a adecuación das obras e instalacións realizadas o proxecto técnico aprobado.

Os adxudicatarios non poderán efectuar probas de emisións públicas ata despois de seren inspeccionadas e aprobadas as instalacións polos Servizos Técnicos da Dirección Xeral de Telecomunicacións.

### **Artigo 10.º-Da concesión definitiva.**

O Consello da Xunta de Galicia, á vista do informe da Dirección Xeral de Medios de Comunicación e da Acta de conformidade final das instalacións, que será remitida pola Administración do Estado, outorgará a concesión, que será publicada no Diario Oficial de Galicia.



No prazo de un mes a partir da notificación do outorgamento da concesión, o adxudicatario presentará a seguinte documentación:

1.º-Documento acreditativo da alta na Seguridade Social do persoal empregado.

2.º-Declaracións ou documentos de ingreso do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades, dos pagos a conta ou fraccionados ou das retencións a conta de ambos e do imposto sobre o valor engadido (IVE).

3.º-A relación anual de ingresos e apagamentos a que se refire o Real Decreto 1913/1978, de 8 de xullo.

### **Artigo 11.º-Obrigas dos concesionarios.**

A concesión obriga ó concesionario ó acatamento da normativa vixente en materia de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, e en particular imponse as seguintes obrigas:

- a) A explotación directa da concesión das emisoras de xestión directa, que non se poderá transferir en caso algún sen a previa autorización do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública, a proposta da Dirección Xeral de Medios de Comunicación, sempre que o adquirente reúna os requisitos legais.
- b) O mentemento das características técnicas da concesión (emprazamento, potencia, frecuencia e demais requisitos técnicos autorizados) e o perfeccionamento da calidade técnica dos equipos en beneficio dunha mellor prestación do servizo.
- c) Garantir a continuada prestación do servizo con sujeción ás condicións e compromisos asumidos polo solicitante e que serviron de base para efectuar a concesión.

Esta prestación non poderá interromperse, salvo en caso de forza maior, sen previa autorización da Dirección Xeral de Medios de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

- d) Facilitar as comprobacións que teña que levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de verificar o cumprimento das condicións da concesión.
- e) Presentación, antes do 15 de decembro de cada ano, na Dirección Xeral de Medios de Comunicación, do plan de programación do ano seguinte, con especificacións dos horarios de emisión e de programación de produción propia, así como do idioma empregado en cada programa.
- f) Cumprimento do horario de emisión que para as emisoras culturais e das Corporacións Locais non poderá ser inferior a trinta horas semanais.

O horario de emisión das emisoras comerciais non poderá ser inferior a doce horas semanais.

- g) Notificación á Dirección Xeral de Medios de Comunicación do nomeamento do director da emisora e de quen o substitúe en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
- h) Presentar ante a Dirección Xeral de Medios de Comunicación unha memoria na que figure a situación económico-financeira da empresa e o resultado do último exercicio, no prazo máximo de catro meses desde o remate do mesmo.
- i) Cando o concesionario sexa unha Corporación Local, presentará anualmente á Dirección Xeral de Medios de Comunicación un informe da intervención que acredite a existencia de partidas presupuestarias suficientes para cubrir os gastos do servizo. Este informe será presentado nun termo máximo de tres meses a contar desde a aprobación do presuposto ordinario.

En caso de incumprimento de calquera das condicións esenciais da concesión previstas neste Decreto, será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, podendo dar lugar á revocación definitiva da concesión.

## **Artigo 12.º**

*1.-A actividade das emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia para a súa explotación por xestión directa polas corporacións locais inspírase nos seguintes principios:*

- a) A promoción e protección da lingua propia de Galicia.*
- b) A obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións.*
- c) A separación entre informacións e opinións, a identificación dos que presentan estas últimas e a súa libre expresión, cos límites do apartado 4 do artigo 20 da Constitución.*
- d) O respecto o pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico.*
- e) O respecto ó valor da igualdade e os demais principios recollidos na Constitución, no Estatuto de autonomía e na lexislación básica do Estado.*
- f) A protección da xuventude e da infancia, evitando a exaltación da violencia e a apología de feitos e conductas atentatorias contra a vida, a liberdade e a igualdade de homes e mulleres.*

*g) O respecto ó honor, a intimidade das persoas, á propia imaxe e ós demais dereitos e liberdades recoñecidos na constitución.*

*2.-O servizo público de radiodifusión sonora, do que a concesión se outorga ós concellos, será xestionado directamente por medio dalgunha das formas previstas no artigo 85.3 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*3.-O financiamento das emisoras municipais de radiodifusión sonora realizarase conforme ó establecido na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais e na lexislación estatal á que se alude na disposición adicional segunda deste decreto.*

*4.-As emisoras de radiodifusión sonora municipais poderán emitir simultaneamente un mesmo programa de elaboración propia ou producido por outras emisoras de titularidade pública, sen que en ningún caso poidan formar parte de cadeas de radiodifusión sonora.*

*5.-O control determinado polo artigo 20.3 da Constitución será efectuado polo órgano que determina a lexislación específica estatal.*

*(1)*

### **Artigo 13.º-Prazo das concesións.**

As concesións de emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia outorgarase por un prazo de dez anos e poderán ser renovadas por sucesivos periodos iguais, previa petición do concesionario, que se formulará ante a Dirección Xeral de Medios de Comunicación cun mínimo de tres meses de antelación ó vecemento da concesión.

A prórroga será outorgada polo Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública e previo informe favorable da Dirección Xeral de Medios de Comunicación.

### **Artigo 14.º-Transmisións das concesións.**

Previa autorización administrativa, as concesións serán transferibles sempre que o adquerinte reúna os requisitos legais.

As transferencias de concesións serán autorizadas polo Consello da Xunta, a proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública e previo informe favorable da Dirección Xeral de Medios de Comunicación.

*(1) Modificado polo Decreto 35/1992, do 6 de febreiro.*

### **Artigo 15.º-Da modificación das condicións da concesión.**

O Consello da Xunta de Galicia poderá modifica-las condicións da concesión cando, por necesidades do servizo razonadas no expediente, a Administración do Estado varíe as características técnicas da emisora correspondente a aquela concesión.

### **Artigo 16.º-Réxime sancionador.**

A competencia para a aplicación do réxime sancionador a que se refire o artigo 36.2 da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, corresponde ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública nos casos de infraccións moi grave, e ó Director Xeral de Medios de Comunicación, se se trata de graves e leves.

As infraccións moi graves, en razón ás súas circunstancias poderán dar lugar á revocación definitiva da concesión polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Sen perjuicio das facultades atribuídas á Administración do Estado, corresponde á Xunta de Galicia, en exercicio das competencias establecidas no artigo 26, apartado 5), da Lei de Ordenación das Telecomunicacións, a inspección administrativa nos supostos de realización de actividades ou prestacións sen título habilitante ou de incumprimento das condicións da concesión dos servizos de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

O establecido neste Decreto enténdese sen prejuicio do que dispoña a sentenza que, no seu momento, dicte o Tribunal Constitucional, en relación co recurso número 534/1988, interposto pola Xunta de Galicia.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **Primeira.-**

1.-A Consellería da Presidencia e Administración Pública convocará mediante Orde o correspondente concurso público para o outorgamento das concesións de emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, de acordo co procedemento e condicións establecidas en este Decreto e demais disposicións de aplicación.

Asemade, a devandita Consellería procederá á apertura dun prazo de presentación de solicitudes de emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia para a súa explotación polas Corporacións locais.

2.-A Consellería da Presidencia e Administración Pública, logo da análise das solicitudes presentadas, elevará ó Consello da Xunta de Galicia proposta de adjudicación provisional de

acordo co establecido no presente Decreto. O Consello da Xunta resolverá no prazo máximo de dous meses a partires da data de vencemento do prazo de presentación das solicitudes no caso das emisoras comerciais, educativas e culturais. No caso das emisoras municipais resolverá no prazo máximo de un mes a partir da notificación por parte da Administración do Estado da viabilidade técnica da emisora correspondente.

**Segunda.-**

Facúltase ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dicta-las disposicións necesarias co obxecto de axusta-la concesión das emisoras municipais ó disposto na legislación estatal de aplicación ás mesmas.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Derrógase o Decreto 172/1982, do 15 de decembro, e mailos artigos primeiro, segundo e terceiro do Decreto 52/1986 do 6 de marzo.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

**Primeira.-**

Facúltase ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dicta-las normas necesarias para a execución, desenvolvemento e aplicación deste Decreto.

**Segunda.-**

Este Decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**Terceira.-**

As referencias que no Decreto 156/1989, do 27 de xullo, se fan á Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social, débense entender feitas, a partir da entrada en vigor do presente Decreto, á Secretaría Xeral para a Comunicación.